



ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2022

CONVOCATORIA NAIS E PAIS

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022 (DOG do 30 de setembro) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS-PAIS- TITORES LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai**, dun total de 2 representantes que poden ter no Consello Escolar. O terceiro representante ven designado pola ANPA previa solicitude da Xunta Electoral.


No caso de presentarse máis dunha candidatura, será a/o candidata/o con maior número de votos o que entrará a formar parte do Consello Escolar durante os próximos 4 anos.

2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 7 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do martes 15 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o martes 8 de novembro ata as 14:00 horas do martes 15 de novembro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o martes 22 de novembro, ás 11:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.
6. As votacións realizaranse no IES o martes 29 de novembro. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, cinco minutos antes da hora de comezo da votación.
7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
11. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 19 de setembro de 2022 o venres 2 de decembro.

Cariño, 7 de novembro de 2022

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez

